

Crónica ruta das Reigadas - Agosto 2018

Parece que me tocou a min, por "novata", facer a crónica da ruta de sendeirismo que toca hoxe no concello da Pontenova: a Fraga das Reigadas.

È a primeira vez que vou con esta Asociación, pero como estou de vacacións e me encanta camiñar, alá me anotei con meu pai que vai a case todas.

Así que primeiro dicir que son un grupo marabilloso, destacando deles que me fixeron sentir unha mais. Grazas por aceptarme no voso grupo de camiñantes e amigos.

Non coñecía eu esta paraxe da Pontenova, situada na Reserva da Biosfera pola UNESCO "Río Eo, Os Oscos e Terras de Burón". Esta ruta levounos dende a aldea de Zarro de Pedro ata a aldea da Hermida, uns 14 Km por paisaxes impresionantes de árbores propias, quitando os "aqualitros" (cómo lles chamaba meu avó), árbores coma acivros, abeleiras, pinos, carballos, e cómo non castiñeiros...sen esquecer cantidade de liques, fungos, arandos, fieitos ...que debido ó río Reigadas fan que florezan entre a humidade facendo o camiño cheo de encanto.

E a carón do Río Reigadas os muíños, as pontes sobre el, as seimeiras...

O que máis me chamou a atención foron as ouriceiras entre os castiñeiros e a Ferrería de San Pedro de Bogó, fundada no século XVI por Pedro de Miranda e que rematou o bater das súa auga nas pedras e madeira no século XVIII, aproveitando a forza do río para sacar proveito das riquezas férricas destas terras.

A ruta, ben sinalizada, non foi moi doada polo terreo, que ese día estaba esvaradío. Tamén por algún que outro descenso por escadas de madeira e cordas, por algunha que outra ponte que nos facía ir de un en un coma se fosemos a cucañaalgunha que outra cuada houbo! . Pero nestas cousas están os bos ratos cos demais, así permítenos ir ollando cara atrás para axudar e esperar polos outros, coma debe ser!.

Para rematar paramos na tenda de Manolo, unha tenda-bar que ten de todo, coma os "colmados" de antes nos que atopas dende un cravo a unhas botas de montaña ... e cómo non, Manolo e a súa compañeira marabillosos, así que unha cañita e para o autobús, que xa nos estaba esperando (grazas), para levarnos ata a Pontenova.

A "papar"!!!e de retorno.

Só dicir: grazas! , polo día estupendo de sol, ruta e amigos.

A natureza é marabillosa. Acordémonos de coidala.

PD.: Dicirlle a meu pai que ben fixeches cando te anotaches para senderear. Ves, metinche a ansia da natureza.

Fdo.: Lorena García.